

PAZ TORRES, O. (2010) *Isabel Oyarzábal Smith (1878-1974). Una intelectual en la Segunda República Española. Del reto del discurso a los surcos del exilio*. Sevilla, Consello Económico e Social de Andalucía, 562 pp.

### **María Asunción López Arranz**

Universidade da Coruña, Departamento de Dereito Público Especial, Facultade de Ciencias do Traballo,

Esteiro, 15471 Ferrol, España

<a.larranz@udc.gal>

1. A historia está chea de mulleres que realizaron un importante traballo na loita pola igualdade. Facelo visible e traelo até os nosos días é unha importante misión que nos axudará a continualo, xa que non importa o tempo, senón o coñecemento, e tanto na formación como nas ideas as mulleres temos moito que dicir. Así quedou reflectido na obra de que se fai a recensión e que de forma excepcional nos ofrece Olga Paz Torres. O traballo está levado a cabo cunha metodoloxía de estudo e de investigación maxistral, de modo que a través da reconstrución de materiais de arquivo sobre a vida de Isabel Oyarzábal Smith se estuda a personaxe desde perspectivas moi distintas. É a vida dunha muller que desenvolve o seu máximo potencial nun mundo de homes.

2. A obra estrutúrase en cinco capítulos ben diferenciados que se dividen, á súa vez, en apartados, para finalizar cunhas conclusións, a listaxe de fontes e arquivos consultados, unha bibliografía seleccionada de Isabel Oyarzábal, unha bibliografía xeral e uns anexos. Cada un dos capítulos é un testemuño diferente dunha época vivida pola súa protagonista, que constrúe un elegante e concienciado relato da súa vida e as súas ideas, así como da realidade dunha época de España.

– No primeiro capítulo, baixo a epígrafe «Estado de la cuestión y metodología», Olga Paz Torres debulla cada un dos materiais que lle serviron de base para a súa investigación, alén dos recursos metodolóxicos empregados para trazar a traxectoria vital completa de Isabel Oyarzábal e tratar os seus aspectos decisivos. Ambos, materiais e métodos de investigación, fan desta obra un traballo de gran calidade intelectual, tanto pola dificultade na procura de informacións como polo rigoroso tratamento destas.

– No capítulo segundo, titulado «La formación de una intelectual en la Edad de Plata (1878-1918)», analízase a través dos ollos da Isabel Oyarzábal a situación das

mulleres –tanto das clases ricas como das pobres–, cuxa característica común é a da marxinalidade absoluta desde o punto de vista político e xurídico. Con todo, esta muller, pertencente a unha clase podente, de formación burguesa católica, recibiría unha educación privilexiada en Inglaterra e Escocia que contribuirá ao seu espertar social, o que a converterá nunha muller inquieta, incómoda e activa.

A autora móstranos os principios básicos sobre os que asentaba a concepción da muller ideal, que comezaban a se ver ameazados. Para neutralizar a ameaza a Igrexa, entre as estratexias que desenvolveu, botou man dos manuais de educación, de modo que ao falar de igualdade e emancipación se facía referencia ás desastrosas consecuencias que podían ter para as mulleres, que non eran outras que a desorde, o vicio ou a destrución da familia. Mentres isto ocorría, en Europa e nos Estados Unidos había importantes debates sobre a pretendida inferioridade da muller con base en teses médico-científicas, as cales foron duramente contrarrestadas por Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán.

– No capítulo terceiro, titulado «Una mujer moderna en Madrid (1918-1931)», descríbese nos perfectamente o período –vésperas da Segunda República española– da implementación do capital e da industria, dos movementos obreiros e do desenvolvemento do feminismo burgués e político que culmina en España coa guerra civil. É o tempo en que Isabel Oryazábal se converte nunha muller moderna e intelectual, que estende a súa opinión crítica a diferentes círculos culturais e xornalísticos, e que, canda o resto de mulleres que participan no movemento asociativo feminista destes anos, consegue elaborar e sacar á venda publicacións propias. Temos aquí, xa que logo, unha precisa descrición do espertar das mulleres e mais do seu traballo.

– No capítulo cuarto, «El reto del discurso: conciencia y compromiso republicanos (1931-1939)», Olga Paz reflicte a consolidación da loita persoal de Isabel Oryazábal, que é nomeada na altura embaixadora de España en Estocolmo, tras cesar o 8 de novembro no cargo de inspectora provincial de Traballo. A natureza dos cambios en España queda reflectida coas publicacións xornalísticas recollidas na obra, que serven para se facer unha idea cabal da situación. Entre outros fragmentos reproducidos, cabe salientarmos a resposta de Isabel Oryazábal á pregunta sobre cal debe ser o labor da muller na República que lle fan desde o xornal *Crónica* (1931):

Consolidado o réxime republicano, debe a muller colaborar con toda plenitude na vida nacional, esixindo que lle sexan outorgados os seus dereitos e aplicando estes primordialmente á imposición de normas administrativas pulcras e decentes, o fomento de desenvolvemento da

cultura, a desaparición de irritantes desigualdades sociais, o benestar do neno e o aseguramento da paz por medio do desarmamento.

Tamén se recolle de forma clara e rigorosa o debate sobre o dereito ao voto das mulleres, que por primeira vez e de maneira sistemática ten lugar na Segunda República. Isto implicaba unha redefinición da cidadanía política igualitaria que está exposta en termos de igualdade universal e marcou as brillantes intervencións de Clara Campoamor no ambiente sumamente hostil do debate constitucional. Tras a guerra, o franquismo vilipendaría estas mulleres republicanas cualificándoas de masculinas, frías ou violentas.

Finalmente, Olga Paz pon de manifesto como a calidade de diplomática e ministra plenipotenciaria nestes anos de guerra fai de Isabel Oyarzábal unha muller visible en pleno conflito armado polo seu papel activo como voceira entre 1936 e 1939 da Segunda República española por medio mundo.

– No capítulo quinto, de título «Los surcos del exilio: la vida en México (1939-1974)», Olga Paz expón con mestría o duro exilio producido en España tras a guerra civil, máis aínda cando é un dos episodios sobre os que recaeu o silencio e o esquecemento. Descríbese como as mulleres que destacaron no exilio, entre elas Isabel Oyarzábal, eran conscientes da singularidade da súa militancia política, xa polo xeral se atopaba subordinada á dos homes, sen por iso deixaren de asumir responsabilidades. As mulleres exiliadas eran mulleres maduras cunha dilatada experiencia profesional e con contactos profesionais, o que lles permitiu introducirse nos ambientes cultos de México, mais non atinxir o renome dos seus homólogos masculinos, a pesar de suporen o 40% da poboación adulta que tivo que abandonar España.

Concretamente neste capítulo, a través das vivencias de Isabel Oryazábal pódese apreciar o sufrimento das mulleres exiliadas pola separación da familia, a perda de seres queridos, a situación económica precaria en que se atoparon. Todo isto motivou, en particular a partir de 1945, cando se soubo que o exilio non ía ser transitorio, que boa parte destas mulleres acabase decidindo dedicarse á súa familia.

**3.** A xeito de conclusión diremos que Olga Paz, nesta obra biográfica de Isabel Oryazábal Smith, non só nos mostra a vida e a loita dunha muller que quixo demostrar a súa capacidade e defender a igualdade de todos os seres humanos, senón que, de forma maxistral, vai debullando paso a paso a evolución do feminismo e dos seus esforzos por alcanzar o recoñecemento social, cultural e humano de todas as mulleres, no

período que vai desde 1878 a 1974. Podemos dicir, sen lugar a ningunha dúbida, que estamos diante dunha importante obra que nos permite valorar o traballo e o esforzo de moitas mulleres en todo o mundo. Ademais, non podemos deixar de anotar a calidade da linguaxe e a redacción deste volume, pois ambos elementos levan a quen o ler e a se imbuír nesta etapa da nosa historia. É que, como ben di Olga Paz, a vida da súa protagonista representa a disxuntiva entre o que tivo que ser e o que puido ser.